



CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SECRETARÍA

JOSÉ RIESGO BOLUDA, SECRETARIO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO CONCELLO DE VIGO

CERTIFICO: Que o Consello de Xerencia da Xerencia Municipal de Urbanismo do Excmo. Concello de Vigo, en sesión ordinaria do día 22/09/2020 acordou:

3. APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN E APERTURA DO PROCEDIMENTO DE LICITACIÓN DO SUBMINISTRO DE GASÓLEO TIPO C PARA CALEFACCIÓN NA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO. EXPTE. 12709/407.

Antecedentes:

O día 17/09/2020 a técnica de admón. xeral co conforme do xefe dos Servizos Centrais, do xerente e da vicepresidenta da Xerencia Municipal de Urbanismo informa:

“ANTECEDENTES

Con data 08.09.2020 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo á vista do informe de necesidade obrante no expediente, de data 11.08.2020, acordou incoar o procedemento de contratación do subministro de gasóleo tipo C para as instalacións de calefacción na XMU, dándolle traslado aos Servizos Centrais da XMU co fin da tramitación do dito procedemento.

Consta no expediente Memoria xustificativa da contratación, de data 16.09.2020, co contido sinalado no artigo 116.4 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que a continuación se transcribe literalmente:

“MEMORIA XUSTIFICATIVA DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE GASOLEO TIPO C PARA AS INSTALACIÓNS DE CALEFACCIÓN NA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DE VIGO.

A presente memoria redáctase ao abeiro do esixido polo artigo 116 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (en adiante LCSP), subscribindo, pola súa sinatura, a declaración de non estar incurso en posible conflito de intereses nos termos establecidos no modelo aprobado para o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo (XMU) na súa sesión de data 3 de marzo de 2020.

- 1. Obxecto e xustificación da necesidade.*
- 2. Xustificación do procedemento de adxudicación e forma de tramitación.*
- 3. Xustificación da non división en lotes.*
- 4. Prezo e xustificación, orzamento base de licitación e valor estimado do contrato.*
- 5. Financiamento do contrato e xustificación do cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril.*
- 6. Prazo de vixencia, execución e prórroga.*
- 7. Xustificación dos criterios de adxudicación.*
- 8. Xustificación da apreciación das ofertas con valores anormais.*
- 9. Xustificación das condicións especiais de execución.*
- 10. Información esixida polo artigo 130 LCSP.*



Copia do documento - Xerencia de Urbanismo - Vigo

Data impresión: 23/09/2020 13:23

Páxina 1 de 12

EXPEDIENTE 12709_407

CSV: 2HE68C-B281E5-BE3H31-PKKMRM-7LUHKZ-H7

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SECRETARÍA

11. Prazo de garantía.
12. Subcontratación.
13. Referencia ao réxime de pagamento.
14. Habilitación da entidade adxudicataria.
15. Outras obrigas do contratista.
16. Modificacións do contrato.
17. Seguro de responsabilidade civil.
18. Outros aspectos a ter en conta na redacción do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

1. **Obxecto e xustificación da necesidade.**

O obxecto da presente contratación o subministro de gasóleo tipo C necesario para o funcionamento da instalación de calefacción no edificio sede da XMU

En cumprimento do artigo 28 da LCSP, os aspectos relacionados coa natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do obxecto e contido, atópanse acreditados na correspondente xustificación da necesidade e idoneidade, anexa a este expediente, destacando o fomento da eficacia, economía e racionalización do gasto, promovendo as políticas de compra intelixente.

O contrato, polo seu obxecto, é un contrato de subministro previsto no artigo 16 da LCSP, segundo necesidades.

Mediante o contrato de referencia o adxudicatario se obriga a entrega, de forma sucesiva e por precio unitario, das cantidades que sexan concretadas nos diferentes pedidos, conforme ás necesidades da XMU, e sen que a súa cuantía total se defina con exactitude ao tempo da celebración do contrato, nin a XMU se vexa obrigada á adquisición dunha cuantía mínima.

2. **Xustificación da elección do procedemento de adxudicación e forma de tramitación.**

O procedemento de adxudicación do presente contrato será, tendo en conta que segundo o seu obxecto é un contrato de subministro, o procedemento aberto simplificado coas especialidades que recolle o artigo 159.6 da LCSP, mediante tramitación ordinaria.

O obxecto da presente contratación atópase claramente delimitado, non sendo necesario a súa determinación en base a criterios avaliábeis mediante xuízo de valor; sendo o factor custe o de maior relevancia. Coa elección do procedemento aberto simplificado, coa tramitación recollida no apartado 6 do artigo 159 LCSP, enténdese que o dito procedemento é o máis axeitado, xa que se quere que calquera empresario interesado que cumpra cos requisitos esixidos poda presentar a súa oferta, sendo polo tanto o procedemento que mellor se axusta aos principios que sinalan a contratación do sector público: liberdade de acceso as licitacións, publicidade e transparencia dos procedementos e igualdade de trato, excluíndose calquera negociación dos termos do contrato cos licitadores.

Segundo o establecido polo art 22 da LCSP, o presente contrato non está suxeito a regulación harmonizada.

3. **Xustificación da non división en lotes.**





CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SECRETARÍA

O artigo 99.3 LCSP indica que o órgano de contratación poderá non dividir en lotes o obxecto do contrato cando existan motivos válidos, que deberán xustificarse debidamente no expediente.

Entre os motivos válidos a efectos de xustificación da non división en lotes, cita o seguinte no apartado b) do dito artigo:

“b) O feito de que, a realización independente das diversas prestacións comprendidas no obxecto do contrato dificultara a correcta execución do mesmo dende o punto de vista técnico, ou ben que o risco para a correcta execución do contrato proceda da natureza do obxecto do mesmo, ao implicar a necesidade de coordinar a execución das diferentes prestacións, cuestión que podería verse imposibilitada pola súa división en lotes e execución por unha pluralidade de contratistas diferentes. Ambos extremos deberán ser, no se caso, xustificados debidamente no expediente”

Dado que se trata de un subministro segundo necesidades por canto a cantidade de gasóleo subministrado será variable en función da climatoloxía e a reserva do depósito, resulta convinte que unha única empresa realice o subministro, na busca de axilidade, seguridade e racionalización do gasto que a presente contratación pretende.

Polo exposto, queda xustificada a non conveniencia de dividir en lotes os distintos traballos do contrato, en base ao artigo 99.3 b) da LCSP

4. Prezo e xustificación, orzamento base de licitación e valor estimado do contrato.

O prezo do contrato é certo segundo o previsto no artigo 102 da LCSP, aboándose ao contratista en función do gasóleo realmente subministrado.

Establecese, en consideración á súa duración anual, un prezo do contrato por importe de 5.879,96 €, dos que 1.020,49 € corresponden ao IVE.

Por tratarse de subministros sucesivos e por prezo unitario, sen que a contía total se defina con exactitude ao tempo de celebrar o contrato, por estar subordinadas as entregas ás necesidades da XMU, o orzamento indicado determínase con carácter non limitativo ou obrigatorio de consumo previsto polo que, o servizo se reserva a facultade de solicitar os subministros segundo as necesidades reais, sen que se poida superar o importe de adxudicación.

O importe do orzamento de licitación é estimado polo que se abonarán exclusivamente os consumos realmente efectuados, os cales dependerán das necesidades reais do servizo.

Dito importe máximo do orzamento non supón ningunha obriga para a XMU, e no caso de non esgotarse ditos importes, o adxudicatario non terá dereito a indemnización nin abono de ningún tipo.

*Determínase que o **orzamento base de licitación** é de **4859,47 €** con IVE sendo **1.020,49 €** o valor correspondente ao IVE.*

En cumprimento do artigo 100 da LCSP, a determinación do orzamento base de licitación deste contrato establécese en base á previsión de litros consumidos anualmente, tendo en conta os





CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SECRETARÍA

consumos efectuados nos últimos anos (consumo máximo estimado: 11.000 litros).

O prezo do combustible en €/litro, sen I.V.E., calcularase mediante a seguinte fórmula:

$$PF = PR \times (1 - Dto) + TG + TE \text{ (I.V.E. excluído)}$$

PF = Prezo final do Gasóleo C en €/litro e sen I.V.E. con 5 decimais.

PR = Prezo de referencia do Gasóleo C en €/litro e sen I.V.E. con 5 decimais. Obtense do último Boletín Semanal do Petróleo da Unión Europea para España sen taxas e divido por mil.

Dto. = Desconto do licitador adxudicatario en % con 2 decimais.

TG = Tipo Xeral (78,71/1.000) €/litro

TE = Tipo Especial (18,00/1.000) €/litro

O Tipo xeral (TG) e tipo especial (TE) son impostos que se aplican ao Gasóleo C, recollidos no Epígrafe 1.4 do artigo 50 da Lei 38/1992, de 28 de decembro, de Impostos especiais, modificada pola Lei 6/2018, 3 xullo, de Presupostos Xerais do Estado, ou os correspondentes que se establezan durante a execución desta contratación.

O prezo do contrato se calculará tendo en conta o valor sen taxas e divido por mil do Boletín do Petróleo da UE do 07.09.2020 (Anexo) e con Dto. = 0, polo que o valor resultante será:

$$PF = (345,06/1.000) \times (1 - 0) + (78,71/1.000) + (18,00/1.000) = \mathbf{0,44177 \text{ €/litro sen I.V.E.}}$$

Considerando o valor do I.V.E. do 21%, o prezo final unitario do contrato, redondeado a 5 decimais, será con I.V.E.:

*PF = 0,44177 x (1+0,21) = **0,53454 €/litro con I.V.E.** que se corresponde co valor con taxas e divido por mil do Boletín do Petróleo da UE do 07.09.2020 (Anexo).*

Os enlaces para o acceso ao Boletín do Petróleo da UE son:

http://ec.europa.eu/energy/observatory/reports/latest_prices_without_taxes.pdf

<https://ec.europa.eu/energy/en/data-analysis/weekly-oil-bulletin>

A estimación do gasto máximo anual:

$$0,44177 \text{ €/litro} \times 11.000 \text{ litros} = \mathbf{4859,47 \text{ €/ano sen IVE}}$$

O valor do I.V.E.: 4859,47 € x 0,21 = 1.020,49 €.

Polo que a estimación de gasto con IVE anual é:

$$4859,47 \text{ €} + 1.020,49 \text{ €} = \mathbf{5.879,96 \text{ €}}$$

*Para o cálculo do **valor estimado** tiveronse en conta as cantidades medias de litros de gasóleo adquiridos nos últimos 3 anos, e tendo en conta as eventuais prórrogas. Tamén considerase unha porcentaxe do 20% de modificacións, por posibles incrementos do valor indicado no Boletín do Petróleo da UE. Así, o importe do valor estimado da contratación é de 29.156,82€*



Copia do documento - Xerencia de Urbanismo - Vigo
EXPEDIENTE 12709_407

Data impresión: 23/09/2020 13:23

Páxina 4 de 12

CSV: 2HE68C-B281E5-BE3H31-PKKMRM-7LUHKZ-H7

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SECRETARÍA

Non se prevé revisión de prezos.

5. Financiamento do contrato e xustificación do cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira do artigo 7.3 da Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril.

O prezo do contrato imputase á aplicación orzamentaria 1510.2210300

O contrato non suporá desequilibrio orzamentario por canto se atopa contemplado entre os gastos previstos no orzamento, e polo tanto non afectará á sustentabilidade financeira da XMU, de acordo co principio recollido no artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

6. Prazo de vixencia, execución e prórroga.

Segundo establece o artigo 29 da LCSP, a duración deberá establecerse tendo en conta a natureza das prestacións, as características da súa financiación e a necesidade de someter periódicamente a concurrencia a realización das mesmas, establecendo un prazo máximo de duración para os contratos de subministros ou servizos de prestación sucesiva de 5 anos.

O contrato podrá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezcan inalterables durante o periodo de duración de estas, sen prexuízo das modificacións que se podan introducir.

Tendo en conta a natureza do obxecto da presente contratación, cuxo prezo é variable no tempo, aplicase unha fórmula de determinación que permite a súa adecuación ao prezo vixente no Boletín do Petroleo da UE durante a prestación.

Polo sinalado, e de conformidade coa Recomendación da Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado de data 28.02.2018, estableceuse unha duración de un (1) ano, prorrogable anualmente por outras catro (4) anualidades, en aras de salvagardar a necesidade de someter periódicamente a concurrencia a contratación e a debida equidade na execución contractual.

*En canto aos **prazos parciais de execución**, no Prego de Prescricións Técnicas establecerase un prazo máximo de entrega de cada un dos pedidos realizados.*

7. Xustificación dos criterios de adxudicación.

En relación os aspectos que deben de identificar os criterios de avaliación e tendo en conta as peculiaridades do presente expediente, considerase oportuno estipular unicamente criterios de valoración mediante fórmula, os cales están directamente vinculados ao obxecto, as características e a natureza do contrato, polo que se estima como único criterio de adxudicación a porcentaxe de desconto ofertada polos licitadores sobre o prezo de referencia do gasóleo (PR).

O prezo unitario para o litro de gasóleo C en €/litro obtense coa aplicación da seguinte fórmula:

$$PF = PR \times (1 - Dto) + TG + TE \text{ (I.V.E. excluído)}$$





CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SECRETARÍA

Sendo:

PF = Prezo final do Gasóleo C en €/litro e sen I.V.E. con 5 decimais.

PR = Prezo de referencia do Gasóleo C en €/litro e sen I.V.E. con 5 decimais. Obtense do Boletín Semanal con data 23/09/2019 do Petróleo da Unión Europea para España sen taxas e divido por mil.

Dto. = Desconto do licitador adjudicatario en % con 2 decimais.

TG = Tipo Xeral (78,71/1.000) €/litro

TE = Tipo Especial (18,00/1.000) €/litro

Cada licitador ofertará un valor para o Dto. que é o desconto sobre o prezo PR.

Este valor deberá estar comprendido entre 0 e 1, con un máximo de 2 decimais, é dicir:

$$0\% < \text{Dto.} < 1\%$$

O valor de PR revisarase en cada factura co valor do último Boletín Semanal do Petróleo da Unión Europea para España con data anterior ao subministro de combustible efectuado, sen taxas e divido por mil.

Os valores dos impostos seran actualizados segundo a normativa vixente na data do subministro de combustible efectuado.

Para a valoración deste criterio as ofertas ordenaranse por orde decrecente resultando adjudicataria a que oferte unha maior porcentaxe de desconto do prezo de referencia do gasóleo (PR).

8. Xustificación da apreciación das ofertas con valores anormais.

Valoraranse tendo en conta as fórmulas establecidas no Prego de cláusulas administrativas particulares.

9. Xustificación das condicións especiais de execución.

Establécese como condición especial de tipo social a seguinte:

- A adopción de medidas pola empresa adjudicataria que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas adscritas á execución do contrato*

10. Información esixida polo artigo 130 LCSP.

Non procede neste contrato. O persoal da empresa adjudicataria adscrito á execución deste contrato non terá en ningún caso relación laboral coa XMU.

11. Prazo de garantía.

O prazo de garantía que se establece é o de UN ANO para cada subministro dende a data na que se leve a cabo, determinándose as responsabilidades en función da calidade do combustible subministrado.





CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SECRETARÍA

12. Subcontratación.

O/A contratista poderá concertar con terceiros a realización parcial da prestación. Non se establecen tarefas críticas.

13. Referencia ao réxime de pagamento.

O pagamento realizarase, unicamente polos subministros efectivamente entregados previa presentación e conformidade da factura por parte do responsable do contrato.

Cada pedido xerará a súa correspondente factura sen posibilidade de incluír varios pedidos na mesma factura ou facturar pedidos incompletos.

As facturas electrónicas a emitir deberán axustarse ao establecido na Lei 25/2013 de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

Os códigos solicitados pola plataforma FACe - Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado - ao que atópase adherido a Xerencia Municipal de Urbanismo, son os identificados no prego administrativo da presente contratación.

14. Habilitación da entidade adxudicataria.

A empresa adxudicataria deberá ser distribuidor autorizado para subministro de combustibles segundo Organismos Oficiais competentes e estar inscrito no Rexistro de distribuidores de produtos petrolíferos correspondente. Cumprirá os requisitos para a distribución ao pormenor de produtos petrolíferos da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos e os requisitos que sexan de aplicación do Real Decreto 2085/1994, do 20 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de Instalacións Petrolíferas e as súas ITCs, así como a normativa autonómica vixente de aplicación.

No transporte se cumprirá o disposto no Real Decreto 97/2014, do 14 de febreiro, polo que se regulan as operacións de transporte de mercadorías perigosas por estrada en territorio español

15. Outras obrigas do contratista.

- O gasóleo tipo "C" que se subministre será da mesma calidade e características que o ofertado.*
- O adxudicatario deberá notificar por escrito á XMU o prezo vixente en cada momento, non admitíndose modificacións no mesmo que non foran comunicadas por escrito, previamente o subministro afectado.*
- Os subministros de gasóleo realizaranse segundo as necesidades da XMU, tanto en tempo como en cantidade. En canto ó prazo de entrega, as entregas efectuaranse nos prazos sinalados no Prego de Prescripcións Técnicas.*
- No caso no que a caldeira sufra danos como consecuencia do combustible, será reparada con cargo á empresa subministradora/adxudicataria, sen perxuízo das demais accións legais que puidesen ter lugar.*
- A XMU poderá revisar e inspeccionar en calquera momento o estado dos contadores de*



Copia do documento - Xerencia de Urbanismo - Vigo	Data impresión: 23/09/2020 13:23	Páxina 7 de 12
EXPEDIENTE 12709_407	CSV: 2HE68C-B281E5-BE3H31-PKKMRM-7LUHKZ-H7	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SECRETARÍA

medida instalados nos vehículos de subministro, comprobando a situación na que se atopan os precintos oficiais. Ademais, poderá levar a cabo, sen previo aviso, probas de medida exacta sobre ditos contadores efectuadas por laboratorios oficiais u homologados.

16. Modificacións do contrato.

Cando o incremento dos prezos unitarios dos combustibles, sobre os prezos base utilizados no prego para os cálculos, teñan unha incidencia negativa no obxecto do contrato reducindo a capacidade de subministro das unidades (litros de combustible/ano), ou cando o incremento das unidades de consumo (litros) provocadas por un maior gasto pola XMU, provoquen un incremento de litros/ano, o órgano de contratación poderá acordar a modificación do contrato nun máximo do 20%, de conformidade co artigo 204 LCSP.

17. Seguro de responsabilidade civil.

Deberán constituír e manter actualizado, á data de formalización do contrato, un seguro de responsabilidade civil con obxecto de cubrir os riscos que, para persoas e/ou bens, poidan derivarse das actividades exercidas e en contía suficiente a fin de responder polos posibles danos causados. En todo caso o adxudicatario deberá acreditar á data de formalización do contrato a posesión dun seguro de responsabilidade civil cunha contía mínima de 300.000 € por sinistro e anualidade, co prazo de vixencia durante o prazo contractual.

En todo caso soportaranse polo adxudicatario os danos e prexuízos que superen os límites da cobertura, así como os non cubertos pola dita póliza.

18. Outros aspectos a ter en conta na redacción do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares.

O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares recollerá a regulación detallada da presente licitación.”

Incorpóranse, de conformidade co artigo 116 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, o prego de prescricións técnicas e o prego de cláusulas administrativas particulares que van a rexer esta contratación. Dito prego administrativo é informado favorable polo Secretario da Xerencia Municipal de Urbanismo en data 17.09.2020.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1. Normativa de aplicación.

A normativa de aplicación neste procedemento é a seguinte:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), especialmente os artigos 116 e 117.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas. (RGLCAP)
- Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (RLCAP).
- Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (BOP núm 193, do 06/10/2010).



Copia do documento - Xerencia de Urbanismo - Vigo

Data impresión: 23/09/2020 13:23

Páxina 8 de 12

EXPEDIENTE 12709_407

CSV: 2HE68C-B281E5-BE3H31-PKKMRM-7LUHKZ-H7

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SECRETARÍA

2. Natureza do contrato.

O presente contrato ten natureza de contrato de subministro, conforme ao previsto no artigo 16 da LCSP: son contratos de subministro os que teñen por obxecto a adquisición, o arrendamento financeiro, con ou sen opción de compra, de produtos ou bens mobles.

Así, no seu apartado 3.a) establecece que en todo caso consideraránse contratos de subministro aqueles nos que o empresario se obriga a entregar unha pluralidade de bens de forma sucesiva e por prezo unitario sen que a coantía total se defina con exactitude ao tempo de cdelebrar o contrato, por estar subordinadas as entregas ás necesidades do adquirente.

De conformidade co artigo 25.1 a) terá natureza administrativa e se rexerá, en canto a súa preparación, adxudicación, efectos e extinción, por dita Lei e polas súas disposicións de desenvolvemento; supletoriamente serán de aplicación as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

3. Contido do expediente.

No presente procedemento cúmprense os requirimentos esixidos polo artigo 116 da LCSP, incluíndo o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de Prescricións Técnicas redactados polos servizos competentes de conformidade co art. 67.2 e 68 do RGLCAP, e que deben ser obxecto de aprobación previamente a autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato, ou de non existir esta, da súa adxudicación segundo o art. 122.1 e 124 da LCSP.

4. Memoria xustificativa (art 116.4 LCSP)

Esta Memoria redactase en cumprimento do establecido polo artigo 116.4 Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, que recolle a obriga de xustificar adecuadamente no expediente os seguintes aspectos:

- A elección do procedemento de licitación.
- A clasificación que se esixa aos participantes.
- Os criterios de solvencia técnica ou profesional, e económica e financeira, e os criterios que se terán en consideración para adxudicar o contrato, así como as condicións especiais de execución do mesmo.
- O valor estimado do contrato con unha indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo sempre os costes laborais se existisen.
- A necesidade da Administración á que se pretende dar satisfacción mediante a contratación das prestacións correspondentes; e a súa relación co obxecto do contrato, que deberá ser directa, clara e proporcional.
- Nos contratos de servizos, o informe de insuficiencia de medios.
- A decisión de non dividir en lotes o obxecto do contrato, no seu caso.

De conformidade co exposto mediante a presente memoria establécese a natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato de referencia, a idoneidade do seu obxecto e o contido para satisfácelas, coa precisión esixida pola Lei de Contratos do Sector Público:

5. Procedemento de adxudicación.





CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SECRETARÍA

O procedemento proposto para a adxudicación do presente contrato, é o procedemento aberto simplificado abreviado, mediante tramitación ordinaria, regulado no artigo 159.6 da LCSP, no que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición, quedando excluída toda negociación dos termos do contrato cos licitadores e non sendo de aplicación as normas establecidas na LCSP para os procedementos suxeitos a regulación harmonizada, atendendo ao seu valor estimado.

6. Criterios de adxudicación.

De conformidade co establecido no artigo 146 e 159.6.c) da LCSP na presente contratación a adxudicación realízase utilizando como criterio de adxudicación a porcentaxe de desconto ofertada polos licitadores sobre o prezo de referencia do gasóleo (PR).

7. Repercusión da aprobación do gasto sobre o cumprimento dos principios de estabilidade presupuestaria e sostenibilidade financeira.

De conformidade co previsto no artigos 214 do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e pola disposición adicional terceira da LCSP, debe valorarse a repercusión da aprobación do gasto sobre o cumprimento dos principios de estabilidade presupuestaria e sostenibilidade financeira, debendo constar no presente expediente informe de fiscalización favorable asinado polo Interventor xeral.

Achégase no expediente o documento contable que informa da existencia de crédito adecuado e suficiente na partida orzamentaria 1510.2210300

8. Órgano competente.

Segundo a normativa aplicable en materia de contratación administrativa e o establecido polo artigo 10º.2. h) dos vixentes Estatutos deste Organismo Autónomo (versión consolidada publicada no BOP de 6 de outubro de 2010), corresponde a competencia como órgano de contratación na tramitación do presente expediente ao Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo.

9. Responsable do contrato.

O órgano de contratación, en cumprimento co estipulado no artigo 62.1 da LCSP, con independencia da unidade encargada do seguimento e execución ordinaria do contrato que figure nos pregos, deberán designar un responsable do contrato ao que corresponderá supervisar a súa correcta execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, dentro do ámbito das facultades que os mesmos lles atribúan. Consta no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares a designación como responsable do contrato do xefe dos Servizos Centrais da XMU.

10. Prazo de presentación de ofertas.

De conformidade co establecido no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, seguindo o establecido polo artigo 159.6.a), *“a documentación presentarase dentro do prazo de 10 días hábiles, a contar desde o seguinte á publicación do anuncio de licitación no perfil de contratante. Cando se trate de compras correntes de bens dispoñibles no mercado o prazo reducirase a 5 días hábiles”*.





CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SECRETARÍA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación, propónse ao Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, a adopción do seguinte...”

Votación:

EN CONTRA: Ningún voto.

ABSTENCIÓNS: Ningún voto.

A FAVOR: 10 votos: 1 de Grupo Mixto: Sr. Pérez Correa, 1 do PP: Sr. González Castillo, 1 do concelleiro non adscrito Sr. Pérez Iglesias e 7 do PSOE: Sres. Rodríguez Díaz, Espinosa Mangana, Mejías Sacaluga, Caride Estévez, Aneiros Pereira, Fernández Pérez e López Font.

Acordo:

O Consello, considerando a ponderación do cómputo de votos sinalado na sesión constitutiva de data 11 de xullo de 2019, adopta o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a Memoria xustificativa do procedemento de contratación do, procedendo a súa publicación no perfil do contratante (Plataforma de Contratación do Sector Público Estatal).

Segundo.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de Prescricións Técnicas, reguladores do contrato do SUBMINISTRO DE GASÓLEO TIPO C PARA CALEFACCIÓN NA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO CONCELLO DE VIGO.

Terceiro.- Aprobar o gasto derivado da presente contratación, por importe total de cinco mil oitocentos setenta e nove euros con noventa e seis céntimos (5.879,96€) (IVE incluído), e con cargo ó orzamento de 2020 (partida 1510.2210300), segundo o presuposto base de licitación establecido no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, desglosando a dita cantidade nun importe de catro mil oitocentos cincuenta e nove euros con corenta e sete euros (4.859,47€), ao que corresponde un IVE aplicable (21%) de mil veinte euros con corenta e nove céntimos euros (1.020,49€).

Cuarto.- Aprobar o expediente de contratación número 12709/407 denominado SUBMINISTRO DE GASÓLEO TIPO C PARA CALEFACCIÓN NA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO CONCELLO DE VIGO, mediante procedemento aberto simplificado abreviado e tramitación ordinaria.

Quinto.- Nomear responsable do contrato, coas facultades e funcións recollidas no artigo 62 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público e no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexen a presente contratación, ao xefe dos Servizos Centrais da XMU.

Sexto.- Proceder á apertura do procedemento de licitación do contrato relativo do SUBMINISTRO DE GASÓLEO TIPO C PARA CALEFACCIÓN NA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO DO CONCELLO DE VIGO, mediante a publicación dos anuncios esixidos pola Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, establecendose un prazo de 5 días hábiles a contar dende o seguinte á publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante.





CONCELLO DE VIGO

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
SECRETARÍA

E para que conste, para os efectos oportunos, expido a presente de orde e co visto e praxe da sra. vicepresidenta da Xerencia de Urbanismo, coa salvedade indicada no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (RD.2568/1986), en Vigo no día da sinatura dixital.

tr/

Vº e Pº.

A vicepresidenta da XMU

María José Caride Estévez



Copia do documento - Xerencia de Urbanismo - Vigo

Data impresión: 23/09/2020 13:23

Páxina 12 de 12

EXPEDIENTE 12709_407

CSV: 2HE68C-B281E5-BE3H31-PKKMRM-7LUHKZ-H7

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>